



ESCOLA INFANTIL
abrente
ASOCIACIÓN INICIATIVA SOCIAL ABRENTE

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

FUNCIONAMENTO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

1. A selección das solicitudes efectuaranse en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no **anexo I** deste regulamento. Mediante este baremo avaliaranse os factores socio-familiares, laborais e económicos da unidade familiar.
2. Entenderase por **UNIDADE FAMILIAR** a formada por cónxuxes non separados legalmente e:
 - Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes.
 - Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.
 - A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior.
3. Entenderase como **FAMILIA MONOPARENTAL** a entendida como unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa cal manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra parte proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
4. Poderanse adxudicar prazas ás solicitudes relativas á media xornada. As persoas solicitantes desta media xornada non poderán variar o horario establecido na súa solicitude, salvo autorización da Escola.
5. Para o cálculo da RPC (Renda Per Cápita), tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculados segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. Este importe dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0.8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

ANEXO I

Criterios de preferencia na admisión do alumnado DENTRO DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Só se poderán presentar solicitudes para os nenos e nenas xa nados.

1º Solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados no centro no curso anterior.

2º Solicitudes de fillos ou fillas de persoal que preste servizo na escola infantil.

3º Solicitudes para nenos ou nena con irmás ou irmáns con praza renovada no mesmo centro ou centro asociado.

4º Solicitudes para nenos ou nenas en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles no caso de familias monoparentais xustifiquen unha situación laboral de ocupación.

Se se produce un **empate** terán prioridade:

- a) Solicitudes de nenos e nenas que acudan a escola en xornada completa.
- b) Solicitudes de nenos e nenas que fagan uso do servizo de comedor.
- c) Solicitudes de nenos e nenas nados de parto múltiple.
- d) Solicitudes de nenos e nenas membros de familia numerosa.
- e) Solicitudes de nenos e nenas con proxenitores ou irmá/án con discapacidade.